

Sobre a situación en Galicia dos transexuais no que atinxe á súa integración no mercado laboral e na administración pública, así como á desinformación en relación con este colectivo e coa realidade LGBT en xeral

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión da corrección e publicación

- 14546 (12/POC-002288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre os contratos que ten a Xunta de Galicia coa empresa Circet, o grao de cumprimento da normativa laboral por parte desta empresa e o expediente de regulación de emprego que presentou BOPG nº 118f1, do 20.11.2024

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

A Mesa admite a corrección formulada no doc. núm. 14937.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 26 de novembro de 2024, pola que se resolve o concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 17 de setembro de 2024 convocouse concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Vista a proposta de resolución efectuada pola Comisión de Méritos con data do 26 de novembro de 2024 e de conformidade co disposto no artigo 3.9 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 22 de marzo de 2021, polo que se aproban as normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer público o posto adxudicado definitivamente á funcionaria que se detalla no anexo, así coma o posto liberado.

Segundo. Os prazos para efectos de cesamento e toma de posesión serán os establecidos na base sétima do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de setembro de 2024, polo que se anun-



cia a convocatoria e se aproban as bases para a provisión, polo sistema de concurso, dun posto de traballo do corpo administrativo no Servizo de Asistencia Parlamentaria, e empezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución.

Terceiro. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Cuarto. Comunicarlle esta resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para a súa execución. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer demanda, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ante o Xulgado do Social de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido no artigo 10.4.a) en relación co artigo 6.2.d) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, e no artigo 69 da mencionada lei, na redacción dada pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

ANEXO

Posto adxudicado:

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.	Adxudicataria	NIF
AP25	Administrativa/o	C	Administrativo	20	18.368,28 €	Vilariño Sánchez, María del Rosario	*** 9235**

Posto liberado:

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.
AP03	Administrativa/o	C	Administrativo	16	17.622,64 €

